




A ARGUMENTACIÓN COMO RESPUESTA AO TERRORISMO

UNIDADE DIDÁCTICA PARA FILOSOFÍA

1º BACHARELATO



**PROXECTO EDUCATIVO "MEMORIA
E PREVENCIÓN DO TERRORISMO"
UNIDADE DIDÁCTICA Nº 7**

EDITA

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do
Terrorismo. Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Cooperación de
Avaliación e Cooperación Territorial.
Ministerio de Educación e Formación
Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del
Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

TEXTOS

Luis Roca Jusmet

DESEÑO

Dr. Drumen

TRADUCIÓN

Xoel Rodríguez Martínez

FOTOGRAFÍAS

American Memory

Archivo Municipal de Bilbao-Bilboko Udal
Artxiboa

EFE

Freelimages

Luis Alberto García, El País

Pixabay

Unsplash

Wikipedia

ZUMA Press

Imaxe de cuberta: Pixabay

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación
Profesional: 847-20-236-2

Tamas King, Freelimages





ÍNDICE

O proxecto educativo «Memoria e prevención do terrorismo» está conformado por unha serie de unidades didácticas que tratan o tema do terrorismo dende as materias de Xeografía e Historia, Psicoloxía, Historia do Mundo Contemporáneo, Filosofía e Valores Éticos.

Esta unidade é un recurso completo que o profesorado pode utilizar na aula, xa que dispón do contido que se debe desenvolver en cada unha das sesións proxectadas e da aplicación didáctica final, tal e como se incluírían nun libro de texto e sen realizar modificacións dentro da programación da materia.

04	Sesión 01 Que é unha argumentación ética?
08	Sesión 02 De que falamos cando dicimos «terrorismo»?
14	Sesión 03 Por que é necesario o universalismo moral?
20	Sesión 04 Por que o terrorismo é necesariamente malo e inxusto?
26	Sesión 05 Como podemos contrapor a argumentación ao terrorismo?
30	Sesión 06 Reflexión final
32	Orientacións para traballar os materiais
44	Para saber máis

SESIÓN 01

QUE É UNHA

ARGUMENTAÇÃO

ÉTICA?



O alumnado debe ter un expediente que irá confeccionando durante a unidade didáctica. No portafolios incluírá os apuntamentos dos conceptos expostos polo profesor, os exercicios que se irán desenvolvendo en cada sesión e unha disertación final sobre o tema.

Nesta primeira sesión explicarase que é unha argumentación ética. Empezarase cunha introdución sobre a idea do ser humano como animal simbólico e coa explicación da argumentación. Se este contido foi tratado anteriormente noutros bloques, servirá como repaso e actualización. Finalmente, explicarase que é unha argumentación axiolóxica e unha argumentación ética.

LIMIAR

A relación entre pensamento e linguaxe é, como sabemos, moi estreita. Pensar con imaxes e sen palabras é moi limitado, xa que as palabras son as que nos permiten acceder aos conceptos. Hai un libro clásico sobre o tema do filósofo alemán **Ernest Cassirer** (1944), que describe moi ben o ser humano como un animal simbólico, no sentido de que a relación coa contorna está mediada por un mundo de significacións simbólicas que adquirimos, basicamente, a través da linguaxe. Isto é, ademais, un fenómeno que debe entenderse en sentido social, o que dará lugar posteriormente á idea das relacións humanas como «interaccionismo simbólico». Este concepto foi teorizado polo sociólogo **Herbert Blumer** (1969), que expón unha comprensión das relacións sociais a partir do sistema simbólico de significacións acunado nunha cultura determinada.

O símbolo máis representativo é a palabra e a través dela exprésanse conceptos que, a diferenza das imaxes, son abstractos. E non nos referimos unicamente a conceptos que entendemos de entrada como abstractos (*felicidade, xustiza* ou *amor*), senón tamén a conceptos que parecen máis concretos como o de *árbore* ou o de *auga*. Unha cousa é ter unha imaxe dunha árbore concreta que se ve (percepción) ou que se viu (un recordo) e outra é pasar a un concepto xeral de árbore ou de auga. O segundo é unha operación da intelixencia abstracta para a que se necesita o soporte das palabras. Temos, polo tanto, palabras que significan conceptos. Por exemplo, a palabra auga, significa algo e este algo é o concepto. Logo relacionamos as palabras (que teñen un significado conceptual) entre si. Cando a partir desta relación de *palabras-concepto* afirmamos ou algo temos unha proposición. Se dicimos, por exemplo, «Esta auga está su-

cia», estamos a relacionar unha serie de conceptos (*auga, ser, sucidade*) para afirmar algo real. A proposición será verdadeira ou falsa na medida en que o que diga se corresponde ou non coa realidade da que falamos. Se a nosa percepción nos amosa unha auga sucia, diremos que a proposición é verdadeira, e se nos mostra unha auga cristalina, diremos que é falsa.

Trátase de conceptos que representan cousas e de proposicións que afirman ou negan acontecementos, e que, polo tanto, son verdadeiros ou falsos. As proposicións das que falamos son, polo tanto, descritivas. Cando encadeamos unha serie de proposicións formamos un discurso no que sempre dicimos varias cousas, non só unha. Se falamos de representación é importante que entendamos o seu carácter social. Nesta liña, psicólogos sociais como **Sergio Moscovici** (1985) elaboraron estudos moi interesantes. De todos os xeitos, é importante precisar que o carácter cultural dos sistemas simbólicos, das representacións e das interaccións non pode conducir a un relativismo cultural. Porque se fose así sería imposible buscar criterios éticos cunha perspectiva universal. Se a argumentación é unha resposta ao terrorismo hai que buscar criterios de verdade e de validez ética universal desde os que condenalo.

Os discursos que tratan sobre as cousas do mundo poden ser informativos ou poden ser argumentativos. Nos informativos encadéanse unha serie de enunciados, cada un dos cales será verdadeiro ou falso. Cando todos e cada un dos enunciados sexan verdadeiros entón afirmaremos que o discurso, no seu conxunto, é verdadeiro. En caso contrario, será parcial ou totalmente falso. Dirase que un discurso é argumentativo cando se chega a unha conclusión que non se sabía. É dicir, se parte duns enunciados que son verdadeiros e seguindo unhas determinadas regras lóxicas chegamos a unha conclusión que non sabiamos. Por exemplo, unha persoa viva pode concluír, sempre por vía argumentativa, que morrerá.

A ARGUMENTACIÓN ÉTICA COMO ARGUMENTACIÓN AXIOLÓXICA

En que se basea entón unha argumentación ética? En primeiro lugar, débese sinalar que a argumentación ética é unha argumentación axiolóxica. É dicir, que non é unha argumentación que trate estritamente sobre feitos. A argumentación ética aplícase a feitos, pero para facer unha

valoración sobre eles. Isto quere dicir que sempre remite a valores. Aínda que, por outra banda, tamén debemos ter claro que non todo enunciado valorativo é un enunciado ético. Podemos dicir, por exemplo, que «Os Rolling Stones fan moi boa música», pero neste caso trátase dunha valoración estética, non ética. Aquí deberíase argumentar axiolóxicamente (porque fago unha determinada valoración), pero non eticamente.

A argumentación ética fai unha valoración moral e refírese, polo tanto, a principios e a valores morais. O que valora este tipo de argumentación é un acto humano, considerándoo como bo ou como malo, como xusto ou inxusto. Bondade e xustiza (e os seus contrarios: maldade e inxustiza) son as categorías que entran nunha argumentación ética.

Diferenciamos entre un enunciado de feito e un enunciado de valor. Se dicimos «Na República Popular China a pena de morte é legal» estamos a afirmar un feito. Este feito sería que nun país determinado a lei permite condenar un delincuente á pena de morte. Esta afirmación é ou verdadeira ou falsa. Non estamos a valorar se nos parece ben ou mal, estamos a dicir o que hai. Pero se dicimos «É unha inxustiza que a pena de morte sexa legal na República Popular China» entón estamos a valorar o feito. O cal quere dicir que, aínda que un enunciado moral se refira a feitos, o que fai non é senón afirmar a súa opinión, a súa valoración sobre o que ocorre. Para iso necesitamos argumentos e principios (valores) morais nos que basealos.

Os feitos sobre os que aplicamos enunciados morais son sempre actos humanos, individuais ou colectivos. A razón é que non consideramos que os acontecementos naturais, ou mesmo as accións dos animais, sexan resultado dunha decisión. Un acto valórase moralmente porque é unha decisión humana continxente. *Continxente* quere dicir *elixida*, non necesaria. O axente do acto podería facer outra cousa. A base da moral é a liberdade e a responsabilidade humana. Eliximos un acto e deberemos asumir as consecuencias previsibles, tanto para nós como para os outros. Tamén os humanos deciden as leis e as sancións que lles deben ser impostas aos que incumpren as primeiras. No caso da lei que permite a pena de morte son uns humanos os que decidiron legalizala; da mesma maneira, podían ter decidido o contrario.

ACTIVIDADE

Xa que do que se trata é de entender o que é unha argumentación ética, o alumnado dedicará o último cuarto de hora á realización dunha actividade no seu expediente. Repartiranse fotocopias con dous discursos nos que se deberá identificar se son informativos ou se son argumentativos.

DISCURSO 1

«Durante a súa confesión, El Joud declarou non lembrarse da súa vítima. O xuíz preguntoulle se lamentaba o seu acto e El Joud respondeu —Si, láméntoo. Porén, o terrorista non renegou do Estado Islámico. Cando o avogado da parte civil lle preguntou se aínda apoiaba esta organización, El Joud contestou: —Eu non sei que pensar... Estou encerrado aquí, non sei que acontece fóra. Que Alá nos mostre a verdade, a razón. Cando o avogado insistiu na súa pregunta, El Joud volveu eludila: —Eu non sei que pensar».

DISCURSO 2

«Para estes inimigos que atacan os seus compatriotas, que rompen o contrato que nos une, non pode haber explicación que valla, porque explicar xa é un pouco querer desculpar. Nada pode explicar que se mate en terrazas de bares! Nada pode explicar que se mate nunha sala de concertos! Nada pode explicar que se maten xornalistas e policía! E nada pode explicar que se maten xudeus! Nada poderá explicalo nunca!».

O primeiro discurso tentarano resolver na aula en grupos de catro. Deben dicir se é informativo ou argumentativo. É, evidentemente, un discurso informativo porque o que fai é describir un interrogatorio. Non hai conclusión nin valoración. Comentaranse en clase as respostas despois de preguntarlles que escribiron.

O segundo discurso analizarano individualmente na casa. É un discurso argumentativo. Pediráselles que busquen a conclusión e que digan se están de acordo ou non coa valoración, que é que non se debe tentar entender ou explicar o fenómeno terrorista, simplemente hai que condenalo.

SESIÓN 02

DE QUE FALAMOS

CANDO DICIMOS

«TERRORISMO»?

*Atentado de ETA sen vítimas mortais contra a Garda Civil
(Arakaldo, Biscaia, agosto de 1988). Luis Alberto García, El País.*



A sesión iniciárase analizando e problematizando o segundo discurso que lle entregamos ao alumnado na clase anterior. O primeiro que hai que sinalar é que é un discurso argumentativo ético e o segundo é que debemos criticar esta argumentación. A crítica que faremos ao texto é que o terrorismo non debe xustificarse en ningún sentido, pero si debemos coñecer as súas causas para poder previlo. Continuarase a sesión analizando o concepto de «terrorismo», que, como se sabe, ten moitas caras. Tentarase, nesta sesión, a aproximación a este fenómeno dunha maneira clara e rigorosa.

LIMIAR

Analizar o fenómeno terrorista significa entender a súa natureza esencial e xeral, o que hai de común en todos os actos terroristas. A partir de aquí debemos de ser capaces de realizar unha crítica contundente e radical a todos eles. **Donatella Di Cesare** (2016) é unha profesora italiana de filosofía que no ano 2017 publicou un libro moi completo no que trata este tema: *Terrorismo. Una guerra civil global* («Terrorismo. Unha guerra civil global»). Todo o ensaio é un intento de explicación dun fenómeno complexo, da dificultade da súa definición. Podemos dicir que «terrorismo é unha acción violenta para inspirar terror». Pero é unha definición tan ampla que explica ben pouco. Podemos avanzar máis e afirmar que o terrorismo do que falamos non é nihilista. Non pretende destruír por destruír. Ten un obxectivo, unha finalidade política e preséntase como unha guerra xusta. Os terroristas son individuos que deciden matar para crear o terror colectivo pensando que isto favorecerá os seus obxectivos. Forman parte dun grupo que decidiu utilizar a violencia como arma política, o que leva á existencia de vítimas.

É importante entender que todo o que se denomina «terrorismo» ten a mesma natureza e, por tanto, a crítica que se lle aplique debe ser extensiva a calquera das súas manifestacións. Tamén debe quedar claro que entender o terrorismo non quere dicir xustificalo. Nesta unidade explícanse as causas do terrorismo tratando de analizar os factores ideolóxicos que interveñen no fenómeno terrorista. Os historiadores e sociólogos estudarán as causas da súa aparición nun momento e nun lugar concretos. Os psicólogos analizarán o proceso mental do terrorismo e as súas causas psicolóxicas. O terrorismo é un fenómeno complexo e multidisciplinar, así como as súas causas. Pero hai outra dimensión, que é a que ten unha categoría moral. A causa do acto *terrorista* é,

en último termo, a vontade de alguén que decide matar. E este alguén pode ser colectivo porque inclúe a cadea que vai dende o *planificador* ao *executor*, que son os que comparten a responsabilidade moral. É importante non diluír as responsabilidades. O terrorismo é un acto humano voluntario no que unha ou varias persoas deciden matar unha ou varias persoas. Hai culpables e hai vítimas.

En España o terrorismo máis devastador foi o de ETA. Tamén se padeceu, sobre todo nos tempos da transición e nos primeiros da democracia, o da extrema dereita e parapolicial (GAL, Batallón Vasco-Español) e o da extrema esquerda (FRAP, GRAPO). Posteriormente foi o terrorismo xihadista o que máis actuou e o que presenta un perfil máis perigoso para o futuro. É necesaria unha narración veraz e unha argumentación contundente en contra de calquera indicio de xustificación. No caso do xihadismo, pola súa actualidade e polo perigo que supón a nivel global.

O TERRORISMO DE ETA

ETA foi unha organización nacionalista vasca radical que se fundou en 1958. Aínda que apareceu na época da ditadura franquista, o seu obxectivo non era recuperar a democracia, senón conseguir a independencia do País Vasco. Desde os inicios dos anos sesenta, ETA decidiu utilizar a violencia para conseguir os seus obxectivos. ETA buscaba unha dialéctica de acción-reacción: provocar que o Estado español aumentase a represión para crear máis indignación e conducir, así, o pobo vasco a un enfrontamento armado. Como demostrou a historia posterior, o grupo terrorista non atacaba o goberno español porque fose unha ditadura franquista, senón porque era español. Os seus asasinatos multiplicáronse durante a democracia (cando o País Vasco alcanzou unhas cotas de autonomía e de liberdade inéditas). A ideoloxía etarra, nacionalista radical, pode ser considerada fundamentalista e totalitaria, como máis tarde se argumentará. O balance da súa actividade é trágico: máis de 850 persoas mortas e 2.600 feridas, á marxe das que foron secuestradas, extorsionadas ou ameazadas (moitas víronse obrigadas a fuxir e outras a vivir con escoltas).

TERRORISMO XIHADISTA

O terrorismo xihadista en España empezou no ano 1985 co atentado no restaurante El Descanso, en Madrid. O resultado foi de 18 vítimas mortais e 100 feridos. Pero o trágico punto de inflexión foron os atentados nos trens de proximidade de Madrid do 11 de marzo de 2004, con 192 persoas mortas e 2.000 feridas. Os últimos atentados xihadistas foron perpetrados en Cataluña (Barcelona e Cambrils) o 17 de agosto do 2017, e deixaron 16 persoas asasinadas.

O termo «xihadismo» vén de «xihad», que quere dicir «guerra santa», e por este nome enténdese hoxe o islamismo que decidiu entrar no escenario político a través do terrorismo. É importante diferenciar entre *musulmán*, seguidor do Islam; *islamita* (que xa expón un «islam político») e *xihadista*, que é o islamismo radicalizado que leva ao terrorismo. O islam como relixión (do mesmo xeito que calquera outra, como o cristianismo ou o xudaísmo) non é violento nin intolerante. Todas as relixións teñen tendencias tolerantes e outras intolerantes. Xustamente chámase fundamentalismo relixioso á versión máis radical, sectaria e excluínte. O xihadismo declarou a guerra aos «infeis» e xustifica a morte e a destrución de calquera en calquera lugar para conseguirlo. É unha «guerra santa» que ofrece recoller os froitos «no outro mundo», o cal a fai aínda máis perigosa, xa que o terrorista é capaz de morrer como un mártir pensando que será recompensado «no outro mundo».

FUNDAMENTALISMO, TOTALITARISMO E TERRORISMO

É importante recalcar a relación que hai entre as ideoloxías fundamentalistas e os métodos terroristas. Isto non quere dicir que o fundamentalismo acabe en terrorismo, pero si que hai unha continuidade posible. Enténdese fundamentalismo como a identificación cunha crenza en termos absolutos. Supón a negación da posibilidade de que o outro discrepe do noso punto de vista.

Para entender a lóxica que conduce ao fundamentalismo, ao totalitarismo e, no extremo, ao terrorismo, é interesante ler o ensaio *Identity and Violence: The Illusion of Destiny* («Identidade e violencia. A ilusión do destino»), do Premio

Nobel de Economía **Amartya K. Sen**. O libro critica a formación de identidades grupais levadas ao absoluto. Sentirse exclusivamente dunha relixión ou dunha nación e desprezar o resto. Isto conduce cara ao fundamentalismo sectario, ao rexeitamento dos diferentes. Así mesmo, o fundamentalismo leva ao totalitarismo e á violencia (e en último termo, ao terrorismo). Que quere dicir Sen cando fala de identidades particulares? Hai que ter en conta que se se fala do ser humano é posible diferenciar o universal, o particular e o singular. O universal é o común e a súa expresión ideolóxica é o cosmopolitismo, o internacionalismo, que nos une a todos como humanos e é a base para a solidariedade e a fraternidade. É o que sempre se chamou «a humanidade» dunha persoa. O singular, o propio é o que nos fai diferentes. Finalmente, a identidade particular, a de grupo, é a que nos leva a identificarnos ou a sentirnos parte dun grupo. As identidades particulares son múltiples, pero é importante que non sexan máis importantes que as universais (considerarse humano antes que dun sexo, dunha raza, dunha etnia, dunha relixión ou dunha ideoloxía). Estas identidades tampouco poden anular a individualidade, o espírito crítico ou a aceptación das diferenzas. En parte, todos somos iguais e todos somos diferentes. Cando a identidade particular se converte en absoluta eliminamos o universal e o singular, ademais de reducir todas as identidades particulares nunha. Isto é o perigoso.

Todos somos moitas cousas e temos moitas identidades (persoais, ideolóxicas, locais, sexuais), pero o que fai o fundamentalismo é identificarnos de maneira total cunha delas. Ao anular o que nos distingue dos outros dentro do grupo, o disidente aparece como un traidor. E os que están fóra do grupo aparecen como inimigos (a dialéctica do «amigo/inimigo»). Neste sentido, un exemplo é o asasinato da exdirixente de ETA María Dolores González Catarain, alias «Yo-yes», polos membros da banda unha vez que ela cuestionou os seus métodos e se quixo reinserir na sociedade.

Este fundamentalismo ten un carácter totalitario porque os seus membros preséntanse como os únicos representantes dun colectivo determinado. No caso de ETA, estes presentábanse como os únicos representantes do «pobo vasco», pero entendendo por «pobo vasco» unicamente o grupo que se identifica co relato que previamente ETA construíra, segundo o cal non é «vasco» todo o que vive no País Vasco, senón o que se identifica co relato e o proxecto político dos nacionalistas. Pola súa banda, para os xihadistas as persoas de relixión islámica son as únicas que merecen respecto.

O sociólogo español **Martín Alonso** (2004) ten un libro titulado *Universales del odio. Creencias, emociones y violencia* («Universais do odio. Crenzas, emocións e violencia»). É un



Amartya K. Sen. Sandip Saha, ZUMA Press

estudo de como o sentimento do odio está na base dos discursos fanáticos. O fanatismo é unha certeza que conduce á violencia contra o outro e que sempre está animada polo odio. O odio é unha emoción moi intensa, capaz de sepultar calquera sentimento compasivo. No fanatismo hai sempre unha exaltación do propio (que pode encarnarse nun líder ou non) e un rexeitamento total do alleo. Detrás de toda forma de terrorismo hai unha exacerbación da dialéctica amigo/inimigo que leva ao enfrontamento e á destrución do outro, do adversario político.

Esta forma de ver as cousas fai que o individuo perda a súa humanidade (o que o liga ao conxunto dos humanos) para identificarse cun determinado grupo no sentido máis tribal. Calquera que se opoña ao mesmo é considerado un inimigo (ou un traidor) e é odiado como tal.



A praza maior de Ordicia (Guipúscoa) durante a homenaxe a «Yoyes», exdirixente de ETA asasinada por esta organización terrorista (18/10/1986). Antonio Alonso, EFE, Archivo Municipal de Bilbao-Bilboko Udal Artxiboa.

ACTIVIDADES

Unha primeira actividade xérase ao comezo da sesión a partir do exercicio que realizaron na casa. Hai que entender ou só condenar o terrorismo? Entender é un paso para xustificar?

A segunda actividade realizarase nos minutos finais. O profesor buscará e comentará algún exemplo de atentado terrorista.

SESIÓN 03

POR QUE É NECESARIO

O UNIVERSALISMO

MORAL?



A terceira sesión comezará preguntándolle a diferentes alumnos sobre os discursos que xustifican de maneira parcial ou total o terrorismo. Para criticar estes discursos hai dúas vías. A primeira é a do relativismo, que conduce a unha canella sen saída. Trátase de contrapor o discurso propio ao dos terroristas. É o de «Eu non estou de acordo». Pero só é unha opinión. É unha canella sen saída porque todo queda reducido a unha cuestión de preferencias subxectivas ou culturais. A outra vía, que será analizada na seguinte sesión, baséase en falacias.

Nesta sesión tratarase a crítica ao relativismo moral e a defensa da necesidade duns principios básicos dende os que fundamentar un universalismo moral. É a única saída para dar unha resposta axeitada ao terrorismo. Non é que pareza malo ou inxusto: é que é malo e inxusto. Esta é a posición moral axeitada. É dicir, argumentarase en contra do relativismo moral absoluto. Porque se os enunciados morais son totalmente relativos e dependen das preferencias subxectivas ou das coordenadas culturais, entón non hai maneira de xustificar un argumento ético válido para todos porque só se presenta como unha elección subxectiva ou cultural. Nesta sesión argumentarase a necesidade de criterios intersubxectivos para determinar o que está ben ou mal, o que é xusto ou inxusto.

LIMIAR

Se un terrorista considera que é xusto ou bo matar polo seu ideal, o único que se pode obxectar é que non se está de acordo? Se alguén xustifica os nazis que asasinaron a xudeus no holocausto porque eles crían que era o correcto, podemos afirmar que é unha opinión tan respectable como a do que o condena? Podemos xustificar que a ablación é aceptable se a cultura na que se practica a acepta?

Seguramente, a nivel intuitivo apréciase que hai diferenzas entre verdugos e vítimas e que non se pode establecer entre ambos os dous unha equivalencia. Non unicamente a nivel de sentimentos morais, senón tamén a nivel racional. A compaixón, que se traduce en apoiar as vítimas en lugar dos verdugos, é un sentimento moral necesario, igual que o da indignación, como se expuxo na sesión anterior. Pero é importante poder argumentar dende que criterios se poden establecer estes principios universais. De entrada, non se poden aceptar factores relixiosos, metafísicos ou naturalistas para fundamentar os criterios morais. Os relixiosos quedan descartados porque soamente afectan os que forman

parte dunha comunidade relixiosa. Como sabemos, hai moitas comunidades relixiosas, hai xente agnóstica e hai atea. Se é universal debe ser asumible por todos os humanos e non presupor ningunha crenza. Tampouco hai un fundamento metafísico. Actualmente é insostible a existencia do Ben e do Mal como entidades absolutas. Tampouco é aceptable a chamada «falacia naturalista», que implica que os actos

humanos son en si mesmos bos ou malos. Isto suporía que cando se formula un enunciado moral, este é descritivo e sería verdadeiro ou falso. Xa se explicou anteriormente que os enunciados morais son prescritivos ou valorativos. Non din o que son os actos humanos, senón o que deberían ser de acordo cos nosos principios.



Immanuel Kant pintado por Johann Gottlieb Becker

CRITERIOS PARA UNS PRINCIPIOS MORAIS UNIVERSAIS

Cal é o criterio a partir do cal se poden establecer uns principios morais comúns, se os criterios morais non poden ser subxectivos, pero tampouco obxectivos? Hai algo que non sexa subxectivo nin obxectivo?: o intersubxectivo. É dicir, o resultado dun acordo, dunha negociación, dun consenso entre suxeitos que conduce cara ao diálogo argumentativo. É importante que se poña de manifesto que este diálogo nunca é abstracto, sempre se dá nunha época histórica cunhas determinadas experiencias e cuns determinados obxectivos.

Os humanos, independentemente da súa cultura ou preferencias subxectivas, deben acordar cales son estes principios, que soamente poden ser resultado do diálogo argumentativo. Como se dixo anteriormente, os seres humanos son máis históricos que naturais. Porque son animais non acabados, que non funcionan por instinto, é dicir, por normas naturais, e deben procurar unhas normas morais que sexan boas para a convivencia de todos.

Xa dende o século XVIII se formula nunha Europa liberada do *credo* de onde poden vir estes principios morais universais. Moitos filósofos pensarán o tema. Entre eles, **David Hume**, filósofo escocés do século XVIII, consideraba que a base había que atopala nos sentimentos altruístas. O bo e o malo non son feitos naturais porque as cousas simplemente existen ou non existen. Non son en si mesmas nin boas nin malas. Tampouco considera que se poida deducir desde a lóxica, xa que sempre se podería argumentar que unha cousa é boa e é mala, é dicir, o seu contrario. Entón quedan os sentimentos: é a maneira como afecta o que fan os outros o que leva a considerar algo como bo (esperta simpatía) ou malo (produce rexeitamento), pero sempre que os sentimentos sexan desinteresados. Se lle fan dano á miña nai, aféctame porque é a miña nai. Pero se me afecta que lle peguen a unha muller que non coñezo, hai aquí un sentimento moral. Hume pensaba que podíamos atopar sentimentos morais universais máis aló das diferenzas culturais. É discutible, pero é un primeiro paso xa que busca no sentimento altruísta a base da bondade e no sentimento de crueldade a base da maldade. Na liña de David Hume, un século máis tarde, **John Stuart Mill** (1863), filósofo inglés, realizou dúas achegas interesantes á proposta anterior de Hume. Por unha banda, introduciu a racionalidade, que era a que expuña que os fins da moral debían ir na liña da felicidade xeral. Para valorar moralmente un acto debíamos entón analizar as consecuencias para o outro dese acto. Neste senso, era a utilidade para a felicidade do outro a que marcaba a bondade

de da acción. A segunda achega tiña que ver con que estes sentimentos altruístas dos que falaba Hume como propios do ser humano eran algo que debía potenciar a educación para que se desenvolvese.

Pero sería o filósofo alemán **Immanuel Kant** (1783), posterior a Hume pero anterior a Mill, o que vai formular a auténtica base para este universalismo moral. Kant era un defensor do proxecto ilustrado, cuxa base era que a cidadanía debía pensar por si mesma e liberarse dos titores, relixiosos ou non, que eran os que lles dicía o que debían ou non debían facer. Para Kant cada cal debía buscar as normas propias, ligadas á súa elección de vida e á súa aprendizaxe vital. Isto era o singular, que cada un decidía. A universalidade das normas non vén entón dos contidos. Non se trataba de establecer normas xerais: «fai isto», «non fagas estoutro». A universalidade viña da forma de actuar. Debemos actuar como o consideremos mellor, pero sempre dándolle ao outro marxe para facer o mesmo. Trátase de propoñer un universalismo que consistía sinxelamente nisto, na súa universalidade. Eu non podo utilizar o outro para os meus fins, non podo instrumentalizalo. Porque se o fago, xa rompo a universalidade, provocho que o outro deixe de ser un suxeito moral para se converter nun obxecto que eu utilizo. Kant fala da dignidade do ser humano, no sentido de que habemos de considerar o outro un suxeito moral como nós mesmos. A base deste universalismo moral é o respecto, o recoñecemento do outro. É o respecto á dignidade do outro, en definitiva.


Karl O. Appel (1994) e **Jürgen Habermas** (1984) son filósofos contemporáneos que teñen desenvolto esta formulación ao falaren dunha ética do discurso e da acción comunicativa.

A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

Pero historicamente temos unha referencia cuxo valor moral non podemos deixar de poñer de manifesto e que hai que entender dende o contexto no que aparece. Despois da terrible experiencia da Segunda Guerra Mundial elaborouse un documento que aprobaron case todos os países, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que hoxe é referencia destes principios morais universais que deben aplicarse a nivel individual, político e social. Esta declaración ten o valor de ser un ideal regulador baseado nos principios básicos do universalismo moral. A idea básica é a da dignidade humana. E dentro dos dereitos establecidos hai moitos que o terrorismo non respecta, comezando

polos dereitos humanos.

Moitos din: «A Declaración Universal dos Dereitos Humanos é un engano ou é inútil, porque non se cumpren». Esta non é unha boa argumentación; dita declaración permítenos entender as cousas malas ou inxustas que temos que superar. Se non tivésemos un Ideal de como deben ir as cousas, nin sequera poderíamos dicir que están mal ou que son inxustas. O importante é entender que o terrorismo é algo que debe combatirse, algo que se pode entender directamente como malo e como inxusto.



Cuberta dunha edición ilustrada da Declaración Universal dos Dereitos Humanos publicada por Nacións Unidas.

ACTIVIDADE

O último cuarto de hora debaterase na aula sobre universalismo/relativismo moral.

SESIÓN 04

POR QUE O TERRORISMO
É NECESARIAMENTE
MALO E INXUSTO?



O obxectivo desta sesión é pensar nunha argumentación ética contra o terrorismo. O que se vai a desenvolver é unha argumentación que mostre que, partindo dos principios morais universais razoables e consistentes, sempre consideraremos o acto terrorista como malo e como inxusto.

LIMIAR

Para argumentar que o terrorismo é necesariamente malo e inxusto deberemos establecer uns criterios intersubxectivos que nos permitan diferenciar a bondade da maldade e a xustiza da inxustiza. Sinalemos, de entrada, o carácter á vez universal e particular con que se presentan en diferentes sociedades e culturas os devanditos conceptos. Son universais na medida en que en todas as sociedades se inventaron estas distincións, pero dado que os humanos non soamente somos naturais, senón que en cada sociedade específica construímos unha cultura (empezando pola lingua), os significados destas oposicións son diversos. É dubidoso que se poida buscar a universalidade a partir dun mínimo común que exista en todas as culturas e sociedades. Máis ben, deberase aprender da nosa historia e, a partir deste punto, chegar a uns acordos intersubxectivos, desde o diálogo.

Kwame Anthony Appiah (2012), filósofo británico de ascendencia africana, expón un bo camiño para abordar a cuestión. É o de aceptar a diversidade cultural, pero ao mesmo tempo enmarcala na tradición cosmopolita dos que se consideran cidadáns do mundo. No seu libro *Cosmopolitanism: Ethics in a World of Strangers* («Cosmopolitismo. Ética nun mundo de estraños») defende xustamente que o universalismo moral debe ser algo á marxe dos valores culturais e das preferencias subxectivas, que debe basearse no que nos permite a todos ter unha vida digna coa máxima liberdade posible.

ARGUMENTACIÓN ÉTICA: O TERRORISMO É NECESARIAMENTE MALO E INXUSTO

Non hai feitos morais, xa que no sentido obxectivo o Ben e o Mal como tales non existen. Os actos son bos ou malos en relación a uns principios. O que si existen son estados humanos mellores ou peores, para os que tamén inventamos outros termos, tratados noutras unidades, que son o de felicidade e infelicidade. En todo caso, a felicidade, dificilmente definible, vincularémola a un Ideal asociado coa satisfacción, coa alegría e co pracer no sentido máis amplo; pola contra, a infelicidade á insatisfacción, á tristeza, á dor. Bo é aquilo que xera felicidade e malo o que xera infelicidade. John Stuart Mill, do que xa se falou anteriormente, dicía que os principios básicos e universais da moral son os que debían contribuir á felicidade colectiva. Polo tanto, será bo o que axude á felicidade xeral e malo o que contribúa á infelicidade colectiva. Mill explicaba que non se pode separar a felicidade da liberdade, e Immanuel Kant, citado tamén anteriormente, dicía que a falar da felicidade non nos podiamos esquecer da dignidade. A felicidade humana vai unida á liberdade e á dignidade.

O primeiro argumento contra o terrorismo dáo, como se comentou nunha sesión anterior, Kant. Faino cando di que por unha cuestión de principios debemos partir da dignidade do ser humano, do valor de cada humano, de que ninguén pode ser un obxecto, un instrumento para os fins doutro. Todos somos suxeitos morais, todos somos fins, non hai unha suposta causa que nos permita utilizar os outros. Non podemos moralmente nunca ser obxectos, medios para conseguir un obxectivo supostamente xusto. Esta é a base da universalidade moral.

O segundo argumento atopámolo na Declaración Universal dos Dereitos Humanos: o dereito á vida, principalmente. Como podemos xustificar privar a alguén deste dereito? O dereito á vida é a base dende a cal se xustifican todos os demais.

O terceiro argumento baséase na dependencia dos fins respecto aos medios. Porque os medios, como dicía **Albert Camus** (1949), son os fins. Dicíao en contra da famosa afirmación de que «o fin xustifica os medios». Non podemos separar os medios dos fins porque hai medios que xa os invalidan. Albert Camus era fillo dun colono francés e enfrontouse ao terrorismo alxerino como falsa solución ao dominio francés en Alxeria. Mostrouno na súa obra teatral *Os xustos*. Enfrontouse a maioría dos intelectuais franceses de esquerdas do seu tempo, que xustificaban o terrorismo alxerino contra o ocupante francés.

O terrorismo é un conxunto de actos que crean terror; destruindo, matando, facendo dano, provocando un estado social de terror, parece evidente que o único que provoca é dor, infelicidade, tristeza.

Non hai ideal que poida xustificar este mal porque o ideal dos terroristas, por definición, soamente beneficia o grupo de fanáticos que se consideran portadores dunha Causa, na que só cren eles, que está por encima da felicidade humana. O terrorismo é malo e inxusto porque é un acto humano voluntario que atenta contra a dignidade, a vida e a felicidade das persoas.

A FIGURA DA VÍTIMA

Unha filósofa do século XX, **Judith Shklar** (1990), falaba de que o que causaba sufrimento aos humanos (ademais das causas naturais, como a vellez) pode ser unha desgraza ou unha inxustiza. Un terremoto é unha desventura, un atentado é unha inxustiza. A filósofa mesmo mantén que o ser humano reacciona ante a inxustiza mesmo sen ter claro ou poder explicar o que é para el a xustiza. Cita a Mill, do que xa falamos, para poñer de manifesto reaccións universais que cualificarían unha serie de cousas como inxustizas: a violación das leis, a ruptura de promesas, a falta de recoñecemento dos méritos, non castigar os delitos, o rexei-

tamento das reivindicacións lexítimas. Todo é discutible, claro. Pero que unha persoa, por estar no lugar inadecuado no momento inadecuado, sexa privada da vida ou sexa convertida nunha discapacitada. Que a outras se lles prive da presenza dunha persoa querida, simplemente porque alguén decide, polo seu arbitrio, cometer un atentado terrorista, é un acto radical de inxustiza. As desventuras son inevitables, as inxustizas son evitables. Sono porque a súa causa é un acto voluntario e consciente dun suxeito que o decidiu, sabendo as consecuencias, que son a destrución do outro e a dor de todos os que estaban vinculados a el.

No acto inxusto sempre hai unha vítima que non se merece o dano recibido. E hai un culpable responsable do acto cuxa consecuencia é este dano, a maioría das veces, irreparable e trágico. O terrorismo é, en definitiva, sempre malo e inxusto porque sempre provoca vítimas, cuxa dignidade como humanos non é respectada, ao igual que o

dereito máis básico, o dereito á vida. Son, ademais, inocentes porque non teñen ningunha responsabilidade sobre o que denuncian os terroristas.

A BANALIZACIÓN DO MAL E O MAL CONSENTIDO

Hannah Arendt (1963) forxou un concepto importante, o da «banalización da maldade». Esta filósofa xudía alemá acuñou a expresión a partir do xuízo ao nazi Eichmann, que conduciu a miles de xudeus ás cámaras de gas e que non manifestou ningún odio cara aos mesmos. Simplemente «obedecía ordes». A súa conclusión foi que as peores accións se poden levar a cabo dunha maneira totalmente fría, sen asumir ningunha responsabilidade moral. O cal, evidentemente, non cha quita.

Aurelio Arteta (2009), catedrático de Filosofía Moral na Universidade do País Vasco, formula outra noción importante, a do «mal consentido». É a responsabilidade do espectador indiferente. Entre o mal cometido (polo terrorista) e o mal padecido (a vítima) está o mal consentido por algún cómplice que non fai nada por evitalo. Arteta analiza o que fixo unha parte da sociedade vasca fronte ante o terrorismo de ETA. Sería interesante animar os alumnos á lectura do libro *Patria* de Fernando Aramburu.



Hannah Arendt. *American Memory*

A FALACIA DO TERRORISMO

Como explicamos antes, unha das características do terrorismo é que non é nihilista, busca un obxectivo e invéntase unha xustificación. O terrorista, ademais, elévase a si mesmo á categoría de heroe ou de mártir. E non só el, senón os círculos de adeptos. É importante que, xunto coa indignación (que é un sentimento moral indispensable, por outra banda), sexamos capaces de entender o proceso que leva o fenómeno terrorista: como dixemos antes, *entender non é xustificar*. Pero teremos que saber igualmente desmontar as falacias coas que o terrorismo quere xustificar a súa práctica criminal. É importante porque se contrapomos a argumentación ao terrorismo deberemos utilizar, non os sentimentos (a indignación), senón, sobre todo, a razón, a racionalidade. O discurso lexitimador dos terroristas é sempre falaz, pero unha falacia é un mal argumento que se presenta como bo. Para iso teremos que saber desmontalo.

De entrada, un terrorista moitas veces interpreta o dano que fai como un dano «colateral». É dicir, acepta que o sufrimento causado é malo en si, pero tamén cre que é inevitable: lembremos o cinismo de ETA cando falaba da «socialización do sufrimento». A finalidade do acto terrorista nunca xustifica o dano causado.

Intentemos especificar o tipo de falacias que utilizan os terroristas:

FALACIA DA PETICIÓN DE PRINCIPIO

A falacia básica do terrorismo é sempre a de «petición de principio». Débense aceptar de entrada, e sen argumentación, as afirmacións que eles dogmatizan. Cales son estas afirmacións? Basicamente, que eles son os bos, que a súa guerra é xusta, que aqueles que atacan son os causantes da inxustiza que viven.

FALACIA DE CULPAR AS VÍTIMAS

Cúlpanse as vítimas por seren «parte do sistema». «Todos somos culpables», sería a consigna; ou a inventada por ETA: «Hai que socializar o sufrimento».

FALACIA DA EQUIDISTANCIA

O terrorismo considera tan culpables das súas accións os que supostamente as provocan: «España», «A civilización occidental», «O sistema», «O capitalismo», etc.

ACTIVIDADE

La actividad consistirá en un comentario individual, una reflexión personal a partir de las siguientes frases:

«Matar un home non é defender unha doutrina, é matar un home»

(Sebastián Castellio, 1553).

«A violencia pode ser lícita cando se emprega por un ideal que a xustifique»

(José Antonio Primo de Rivera, 1933).



Sebastián Castellio. Wikipedia

SESIÓN 05

COMO PODEMOS

CONTRAPOR A

ARGUMENTACIÓN

AO TERRORISMO?

LIMIAR

Explicamos anteriormente que é unha argumentación ética. Debe basearse sempre na ética discursiva e comunicativa, é dicir, na argumentación e no diálogo. O terrorismo é un acto violento que exclúe o adversario ata destruílo. O que imos contrapor entón é a racionalidade discursiva e comunicativa á irracionalidade fanática. O recoñecemento do adversario fronte á súa exclusión, a apertura ao outro fronte ao sectarismo. A humanidade fronte ao odio.

O ESTADO DE DEREITO

Entendemos por Estado de dereito un Estado cuxa función é garantir a igualdade de dereitos de toda a cidadanía. Estado que é necesariamente democrático (liberdades políticas, eleccións) e no que hai unha separación entre os poderes executivo, lexislativo e xudicial. Se non se dan estas condicións básicas, non se dá un Estado de dereito. Un bo libro para profundar no tema é o de Elías Díaz (2010).

Cales son estes dereitos que temos todos é xustamente o que hai que argumentar. Hoxe podemos considerar que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos é a referencia ideal á que chegamos por vía intersubxectiva. A clave está na universalidade. Calquera persoa que ten unha nacionalidade ten os dereitos que garanten as leis. Non se lle esixe ningunha calidade: nin de sexo, nin de cor de pel, nin de clase social, nin de cultura. Este último punto é importante, xa que o Estado non se identifica cunha identidade étnica, nin ideolóxica, nin relixiosa.

Este é, polo tanto, o marco político para a argumentación. Todos formamos parte dun Estado de dereito simplemente porque pertencemos a un territorio. Este «pertencer» só supón un recoñecemento da nacionalidade. Expóñense moitos problemas que resolver: refuxiados, «sen papeis», etc., xa que se afirma que os dereitos son universais, pero, ao mesmo tempo, non todo o mundo ten a nacionalidade.

Debemos combater unha falacia que se presenta como resposta axeitada ao terrorismo:

Falacia ad populum: en nome da que afirman que é a vontade popular, e apoiándose no estado emocional de indignación

dos que esixen máis man dura contra os terrorismos, algúns esixen unha resposta baseada na violencia e non no Estado de dereito: medidas discriminatorias, implantación da pena de morte, formas ilegais de represión, etc. Esta é unha falacia empregada, por exemplo, por grupos populistas de extrema dereita.

A argumentación ética debe ter como base o imperativo moral formulado por Kant. Así o recoñece a ética discursiva. Só pode haber diálogo, é dicir, argumentación compartida que implica unha escoita do outro, se hai respecto cara ao outro, se o recoñecemos como un suxeito, como un igual.

ACTIVIDADE

O último cuarto de hora dedicárase a un debate sobre se a argumentación pode ser unha resposta ao terrorismo. Avisarase o alumnado de que na última clase farán cadansúa disertación individual sobre o tema.

SESIÓN 06

REFLEXIÓN

FINAL

Familiares de vítimas dos atentados xihadistas de Sri Lanka, que deixaron máis de 300 persoas asasinadas (entre elas, dúas españolas), rezan e réndenlles tributo ante as súas tumbas (28/04/2019). M. A. Pushpa Kumara, EFE



Nesta última sesión os alumnos deberán facer unha disertación escrita sobre o tema: «Argumentación como resposta ao terrorismo». Repasarase brevemente como se debe facer unha disertación: formular claramente a pregunta, elaborar o corpo da argumentación e chegar de forma coherente a unha conclusión.

Os alumnos poden consultar o expediente da unidade didáctica, que posteriormente lle entregarán ao profesor xunto coa disertación. Terán media hora de tempo.

Posteriormente entregaráselles un exercicio de autoavaliación e de avaliación da actividade.

Preguntas:

Consideras que a unidade didáctica se insire ben no que tes desenvolto durante o curso na materia de filosofía?

Clarificouche a comprensión da problemática ética ligada ao fenómeno do terrorismo?

Consideras que dalgunha maneira transformou a túa posición ante o tema?

Consideras que achegaches algo na dinámica destas cinco clases?

Tes algunha suxestión para a unidade didáctica?

Para acabar a unidade aconséllanse dous libros. O primeiro é un ensaio sobre a loita da conciencia contra a intolerancia, que tan ben soubo describir o gran escritor austríaco **Stefan Zweig** (1936) en *Castellio gegen Calvin* («Castellio contra Calvin»). O libro escribiuse en 1936, en pleno auxe do nazismo en Alemaña. O autor retrocede ao século XVII para mostrarnos como o humanista Sebastián Castellio se enfrontou a Calvin, cun inmenso poder relixioso e político, polo seu apoio á condena a morte contra Miguel Servet polas súas ideas relixiosas. Castellio foi capaz de arriscarse na denuncia da intolerancia. Unha intolerancia que, como a terrorista, se considera co dereito de matar o disidente.

O segundo libro é outro ensaio, *The Fear of Freedom* («O medo á liberdade»), escrito por **Erich Fromm** (1941), que, como Zweig, viviu a atmosfera na que creceu o nazismo. O escrito denuncia a intolerancia como un efecto do autoritarismo que aparece cando hai un medo colectivo á liberdade.

ORIENTACIÓNS
PARA TRABALLAR OS
MATERIAIS DA
UNIDADE DIDÁCTICA

MATERIA

Filosofía, materia obrigatoria de primeiro de bacharelato.

VINCULACIÓN CO CURRÍCULO OFICIAL

Os contidos desta unidade didáctica vincúlanse especificamente con varios dos contidos do Bloque 8 do currículo dedicado á Racionalidade práctica, tal como marca o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

Os contidos sinalados son os seguintes:

Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación dende a filosofía.

A importancia da comunicación e a súa relación coa linguaxe, a verdade e a realidade.

A argumentación: regras e ferramentas do diálogo e da demostración de argumentos.

Os procesos de cuestionamento e a importancia de definición de obxectivos.

A importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.

A importancia da Ética para establecer a valoración dun proxecto político. A Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.

A Ética. Principais teorías da moral humana.

A Ética como reflexión sobre a acción moral.

A Ética como establecemento duns principios básicos da universais de acción moral.

Xustificación do Estado de dereito.

OBXECTIVOS

O primeiro obxectivo é que o alumnado teña uns criterios morais, baseados no recoñecemento e no respecto da dignidade do outro. O segundo, que entenda que dende estes criterios morais non se poden xustificar nunca os actos terroristas, que debemos considerar sempre malos e inxustos. O terceiro, que a ética discursiva, baseada na argumentación e o diálogo é a única arma contra o terrorismo, que non é outra cousa que a consecuencia extrema da intolerancia e do sectarismo.

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<p>Formar criterio moral para argumentar contra o terrorismo.</p>	<p>Criticar o relativismo moral.</p> <p>Defender uns principios morais básicos para o universalismo moral.</p> <p>Entender que estes principios morais básicos están baseados na igualdade de dereitos e no respecto á dignidade do outro.</p> <p>Asumir que o Estado de dereito é o único marco político que pode garantir a igualdade de dereitos do universalismo moral.</p> <p>O valor histórico da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>
<p>Ser capaz dunha argumentación ética contra o terrorismo.</p>	<p>Entender o que é unha argumentación ética.</p> <p>Entender o que é o terrorismo e cales son as súas causas. Denunciar os universais do odio e a falacia que quere xustificalo.</p> <p>Denunciar a banalización do terrorismo e a complicidade do mal consentido.</p>
<p>Entender que a ética discursiva da argumentación é a única alternativa ao terrorismo.</p>	<p>Entender que só dende o respecto á dignidade do outro, a argumentación e o diálogo podemos solucionar os conflitos sociais.</p> <p>Denunciar a falacia que quere combater o terrorismo cos seus propios medios.</p>

CONTIDOS

Baseándonos nos obxectivos marcados no apartado anterior, sinalamos os seguintes contidos:

O home como animal simbólico.

O discurso informativo e o discurso argumentativo.

A argumentación axiolóxica e a argumentación ética.

O relativismo e o universalismo moral.

A necesidade dun criterio moral definido por uns principios morais básicos baseados no recoñecemento e no respecto á dignidade do outro.

A necesidade do Estado de dereito como garantía da igualdade de dereitos e do respecto á dignidade do outro.

O valor histórico da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O terrorismo. Definición. O terrorismo de ETA e o terrorismo xihadista. Causas ideolóxicas.

A denuncia dos universais do odio, da banalización da violencia e do mal consentido.

A argumentación de por que o acto terrorista é necesariamente malo e inxusto. A figura da vítima.

A denuncia da falacia que pretende xustificar o terrorismo e da falacia que pretende combatalo coas súas armas.

A necesidade dunha ética discursiva baseada no diálogo.

A argumentación e o diálogo como a alternativa á violencia terrorista.

A denuncia da falacia que pretende xustificar a alternativa violenta contra o terrorismo.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

Para conseguir os obxectivos expostos é necesario implicar o alumnado no desenvolvemento das sesións. Debemos xerar unha participación activa e unha asimilación dos conceptos e dos argumentos axeitados para crítico. Pero ao mesmo tempo temos que respectar a propia dinámica comprensiva do alumno. Este é o difícil equilibrio. Potenciaremos a reflexión individual, o debate de grupo e a capacidade de elaborar unha disertación sobre o tema.

PRIMEIRO EIXE

Traballar para garantir a claridade e o rigor na utilización de conceptos. Os medios serán definir os conceptos utilizados e contrastar que sexan operativos a nivel empírico.

SEGUNDO EIXE

Traballar para que sexan capaces de assimilar uns criterios éticos baseados no recoñecemento e no respecto da dignidade do outro.

TERCEIRO EIXE

Traballar para que sexan capaces de dialogar, é dicir, de escoitar o outro e, ao mesmo tempo, de argumentar o que un pensa. Que sexan capaces de distanciarse das emocións (incluída a indignación) para poder reflexionar e debater sobre un tema, como o terrorismo, que causa tanto impacto emocional. Que manteñan unha actitude asertiva, nin inhibida nin agresiva no debate.

CUARTO EIXE

Traballar para evitar o relativismo que nos impide chegar a conclusións claras e que nos conduce á imposibilidade de concluír nada e a xustificalo todo.

Estes serán os catro eixes que deben vertebrar a nosa acción docente e que permitirán un clima desde o que o alumnado poderá entender e debater o tema do terrorismo e chegar a unha conclusión clara e contundente sobre a súa maldade e inxustiza.

ESTRUTURA METODOLÓXICA DAS SESIÓNS

A filosofía, independentemente da problemática que aborde, implica unha dinámica metodolóxica específica. Debemos partir de que é un saber crítico e normativo e non un saber positivo. Isto quere dicir que o profesor non ten como función principal a transmisión de coñecementos, senón a de formular cuestións, aclarar conceptos e ensinar un método lóxico de pensar. No aspecto normativo hai que facer a proposta desde a racionalidade práctica. Mesmo nun tema tan delicado como o terrorismo teremos que evitar respostas pechadas sobre o problema. Hai que orientar o alumnado e conducilo cara a un tipo de ética discursiva cuns contidos que quedan reflectidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, pero sempre cun espírito aberto a novas preguntas e reflexións, cunha actitude aberta ao diálogo na que sen suspender o noso criterio sexamos capaces de entender a lóxica do outro. Pero teremos que facer que entendan que a lóxica do outro (e a propia) debe ser escoitada e respectada unicamente cando non é excluínte. Que non todo vale, en definitiva.

A estrutura metodolóxica das **cinco primeiras sesións** moverase seguindo sempre un esquema similar:

PREGUNTA

Partimos sempre dunha pregunta, que é diferente en cada sesión: na primeira sesión, que é unha argumentación ética; na segunda, que é o terrorismo; na terceira, que o universalismo moral; na cuarta, que é a maldade e a inxustiza do acto terrorista; na quinta, se a argumentación é a resposta axeitada ao terrorismo. É fundamental que o alumnado interiorice as preguntas, que as faga súas, que lles xere unha inquietude.

ARGUMENTACIÓN

A partir de aquí pódese facer un traballo grupal de argumentación dirixido polo profesor.

CONCLUSIÓN

Debemos rematar cunha conclusión (provisional, como acontece sempre en filosofía) que permita ao grupo avanzar cara á seguinte pregunta. Como tantas veces se insistiu, en filosofía é máis importante a argumentación que a conclusión. Aínda que evidentemente no tema da argumentación e do terrorismo se trate de orientar os alumnos cara a unha resposta, é importante que esta sexa produto da súa propia reflexión e non de algo que aceptan porque se lles di que é así.

A **última sesión** é diferente:

DISERTACIÓN

Trátase de que cada alumno sexa capaz de facer unha disertación persoal, escrita, do que se traballou en toda a unidade didáctica.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

A discusión grupal daranos a medida de como se vai asimilando todo o proceso de aprendizaxe. Neste sentido é importante sinalar que as cinco sesións estipuladas responden a unha dinámica ideal que presupón un alumnado relativamente maduro que está a rematar unha materia de filosofía. Se non se dá o caso, atrasaríase o proceso e sería necesario dedicarlle máis sesións se queremos cumprir co obxectivo previsto.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO INDIVIDUAL DO ALUMNO

En canto á avaliación individual, esta queda reflectida no expediente que recolleremos cos apuntamentos tomados na aula e os exercicios realizados, pero sobre todo na disertación final e escrita sobre o tema. Tamén nas intervencións orais das discusións grupais.

Para poder pechar a unidade cun resultado de aprendizaxe satisfactorio é importante que o profesor devolva os expedientes e a disertación escrita con todo tipo de comentarios e de matices aclaratorios. Nalgúns casos pode ser conveniente, ou mesmo necesario, que o profesor teña unha conversación final co alumno para acabar de deixar claras cuestións que aparezan como confusas ou posicións abertamente erróneas sobre o tema.

ALGUNHAS PROPOSTAS PARA XERAR ACTIVIDADES CONCRETAS SOBRE O CONTIDO

As propostas están encamiñadas a converter a aula nun lugar de investigación filosófica, tanto no sentido crítico como normativo. Non se trata de adoutrinar. Trátase de que o profesor facilite a reflexión e o debate. Está claro, por outra banda, que en equilibrio co anterior, o profesor busca chegar a unha determinada conclusión, que non é outra que a que expón a unidade didáctica: «A argumentación como resposta ao terrorismo».

Estas son as propostas:

PARTIR DA OPINIÓN DO ALUMNADO

Antes de entrar a profundar na investigación ligada á pregunta, debemos animar os alumnos a que escriban unha definición previa a partir da opinión que traen á aula. Isto é posible porque sobre este tema cada alumno ten no seu imaxinario conceptos preconcebidos e prexuízos.

EXPLICAR QUE OPINAR NON É ARGUMENTAR

Introducir a cuestión a partir do que afirmaba Sócrates cando dicía que o principal obstáculo para saber non é a ignorancia, senón o suposto saber que non o é. Este suposto saber é a opinión non argumentada. Opinar sen argumentar quere dicir afirmar unha valoración subxectiva sobre un tema ou problema sen poder razoalo. Argumentar significa a posta en común, a partir de razóns, da nosa valoración. Entramos entón no intersubxectivo, no diálogo e na posibilidade do acordo. A partir do pór en dúbida estas primeiras respostas formulamos novamente a pregunta a partir da ignorancia. Imos expoñendo os conceptos que serán a caixa de instrumentos para ir chegando a unha conclusión.

POTENCIAR O DEBATE

O debate é a vía rexia da clase de filosofía, é poñer en común o que imos avanzando. Ás veces podemos expor como actividade previa a discusión en pequenos grupos.

POTENCIAR A DISERTACIÓN

A disertación complementa o debate como elemento fundamental. Lembrar os tres elementos básicos da disertación. En primeiro lugar, a pregunta inicial, formulada da maneira máis precisa e matizada posible. En segundo lugar, o que é, propiamente, o corpo fundamental: exposición ordenada seguindo un fío condutor claro. Finalmente, en terceiro lugar, conclusión final.

ESTRUTURA INTERNA DAS SESIÓNS DIDÁCTICAS

Todas as sesións didácticas están enfocadas para conseguir que o alumnado aprenda argumentar eticamente e que saiba contrapor a argumentación ao terrorismo. Trátase, por tanto, de potenciar a competencia argumentativa, tanto a nivel oral como escrito. En todas as sesións, exceptuando na última, utilizaremos o método socrático no seu sentido orixinario.

MÉTODO SOCRÁTICO PARA APRENDER A ARGUMENTAR

Consiste en preguntar, poñer de manifesto a ignorancia sobre o tema a partir da diferenza entre opinar e argumentar. Sobre o tema que nos ocupa, os alumnos teñen, seguramente, opinións baseadas en imaxes, emocións, cousas odiadas, pensamentos apresurados... é dicir, baseadas así, sempre, en conceptos preconcebidos e en prexuízos. Unha vez recollidas as opinións e os seus elementos máis interesantes, é importante que entendan que as opinións non son nada consistente ata que non saibamos argumentalo. É o momento da aceptación da ignorancia sobre o tema. Non sabemos porque nos faltan conceptos claros e rigorosos e razóns estruturadas dunha maneira lóxica.

POTENCIAR A COMPETENCIA ARGUMENTATIVA ORAL NO DEBATE

Pasamos agora a potenciar a capacidade argumentativa a nivel oral, que non é outra cousa que a participación correcta nun debate. O profesor debe aquí orientar, pero non manipular. É importante entender a diferenza e aplicala. Para iso o que debe saber facer é xestionar o debate. Non manipular non quere dicir ser imparcial. O profesor é parcial como a propia unidade didáctica, tomamos parte pola argumentación contra o terrorismo. O debate é público, intersubxectivo. Os alumnos deben adoptar un punto de vista propio que deben saber apoiar en razóns. Deben ser asertivos, nin inhibidos nin agresivos. Hai que saber escoitar mantendo unha posición, que por suposto pode cambiar se o outro te convence. É importante facer respectar as quendas, non tolerar faltas de respecto, facilitar a intervención do máximo número de alumnos, axudalos a verbalizar o que pensan. Pero o docente debe saber modulalo estratexicamente, impedindo a dispersión, centrando o tema e orientándoo cara a unhas conclusións.

POTENCIAR A COMPETENCIA ARGUMENTATIVA ESCRITA NA DISERTACIÓN

Finalmente, na última clase, o que facemos é potenciar a competencia argumentativa escrita e persoal a través da disertación, segundo os pasos marcados no punto anterior.

PROGRAMACIÓN

De acordo co establecido no Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro:

«A filosofía debe proporcionarlle aos alumnos un coñecemento elemental das súas principais achegas históricas e dos seus procedementos básicos co obxectivo de posibilitar o sostemento e a mellora das democracias contemporáneas, que requiren a formación de cidadáns críticos, participativos e capaz de comprometérense activamente na transformación da sociedade e na realización dos seus valores esenciais de igualdade, liberdade e xustiza».

Dentro da materia de filosofía, o sexto e último bloque, denominado «A racionalidade práctica», aborda «a racionalidade transformadora que posúe o ser humano como ser dotado de vontade e con capacidade de elixir e tomar decisións dentro dos ámbitos privado e público».

A unidade didáctica «A argumentación como resposta ao terrorismo» enmárcase con pleno sentido neste bloque seis, dedicado á racionalidade práctica, que debería ocupar toda a terceira avaliación. O bloque seis, no seu conxunto, correspóndese aproximadamente cunhas vinte e catro sesións de clase, é dicir, oito semanas.

A proposta sería dedicar seis sesións de clase á unidade didáctica, é dicir, dúas semanas. Facelo xustamente ao final da avaliación, xa que nos permite aplicar conceptos que se traballaron anteriormente nesta unidade ao fenómeno específico do terrorismo.

O modelo de seis sesións responde a un grupo estándar de alumnos que non teñan problemas de aprendizaxe e que deran correctamente a parte anterior da materia de Filosofía.

SESIÓN	TEMÁTICA	CONTIDO	ACTIVIDADES
PRIMEIRA SESIÓN	A argumentación ética.	Argumentación. Argumentación ética.	Comentario escrito individual sobre os textos proporcionados ao alumnado.
SEGUNDA SESIÓN	O terrorismo e as súas causas.	Definición de terrorismo. Terrorismo de ETA e terrorismo xihadista. Fundamentalismo e totalitarismo. Universais de odio e banalización da violencia.	Procura de información en Internet realizada por grupos de catro alumnos.
TERCEIRA SESIÓN	Os principios morais universais.	Universalismo e relativismo moral. Criterio moral universal baseado no respecto. O Estado de dereito. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Debate de todo o grupo sobre relativismo ou universalismo moral.
CUARTA SESIÓN	A argumentación ética contra o terrorismo.	As vítimas. Maldade e Inxustiza do acto terrorista. Falacias en torno ao terrorismo.	Comentar textos.
QUINTA SESIÓN	A argumentación como resposta ao terrorismo.	A ética discursiva baseada no diálogo. A necesidade de argumentar. Debate final sobre o tema.	Debate final sobre o tema.
SEXTA SESIÓN	Disertación final.	Disertación e comentario final.	Exercicio escrito e recollida de expedientes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E AVALIACIÓN

De acordo co establecido no Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro, o estándar de aprendizaxe que corresponde a esta unidade didáctica correspóndese co sexto bloque da materia, chamado «racionalidade práctica». Encaixa perfectamente no sentido de abordar «a racionalidade práctica e transformadora que posúe o ser humano como ser dotado de vontade e con capacidade de elixir e tomar decisións dentro dos ámbitos privado e público».

Ademais, inscríbese tamén en varios elementos da metodoloxía didáctica que o decreto mencionado establece como propias da filosofía:

POTENCIAR ACTITUDE CRÍTICA ante as cuestións teóricas e prácticas, fundamentando racionalmente tanto as ideas como as condutas, non aceptando ningunha idea, feito ou valor se non é a partir dunha análise rigorosa.

POTENCIAR A RACIONALIDADE usando a razón como instrumento de persuasión e diálogo, tanto para a procura de definición colectiva de verdade como para a procura de novas solucións aos interrogantes expostos.

POTENCIAR A COMPETENCIA de forma oral e escrita.

POTENCIAR AS ACHEGAS TRANSFORMADORAS para construír unha sociedade mellor e máis xusta.

POTENCIAR A COMPETENCIA CÍVICA fundamentando o seu sentido, valor e necesidade para exercer unha cidadanía democrática, inspirada nos dereitos humanos, comprometida coa construción dunha sociedade democrática, xusta e equitativa, mostrando actitudes de responsabilidade social e de participación na vida comunitaria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación basearanse en dous aspectos:

AVALIAR A COMPRESIÓN DO FENÓMENO TERRORISTA

É dicir, entender o que significa o fenómeno terrorista e as súas causas ideolóxicas.

AVALIAR A COMPETENCIA DE ARGUMENTACIÓN ÉTICA COMO RESPOTA AO TERRORISMO

1. En primeiro lugar, para desmontar as xustificacións directas ou indirectas do terrorismo.
2. En segundo lugar, para argumentar contra o terrorismo desde a ética discursiva do respecto á dignidade do outro e o diálogo.
3. En terceiro lugar, para desmontar as alternativas represivas, violentas e discriminatorias como solución ao terrorismo.
4. En cuarto lugar, para argumentar que a ética discursiva do diálogo e o respecto á dignidade do outro é a única alternativa moral e politicamente aceptable ao terrorismo.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación consistirá en avaliar diferentes aspectos que se concretarán da seguinte maneira:

PARTICIPACIÓN

A metade da nota será en función da participación nas cinco sesións. É dicir, en ter unha actitude correcta (que sexa respectuosa co profesor e cos compañeiros); contestar os exercicios concretos que o profesor irá expondo durante as cinco sesións; participación nos debates; entrega dun expediente no que se recolla todo o que se foi traballando na unidade didáctica.

DISERTACIÓN

A outra metade da nota será o resultado dunha disertación que realizarán durante a última clase que xustamente se titulará «Argumentación como resposta ao terrorismo». Esta disertación debe estar formulada segundo o protocolo que coñece o alumnado, que en ningún caso se reduce a unha repetición ou utilización de esquema. Debe ter a forma dun razoamento ético persoal a modo de conclusión do que se traballou nestas sesións.

Nesta disertación podemos comprobar se o alumno é capaz de realizar unha argumentación ética que critique o terrorismo e ao mesmo tempo defenda o diálogo como a vía alternativa á violencia. Deberemos saber distinguir, ademais, se o fai desde unha argumentación propia (por moito que o faga desde os contidos traballados nesta unidade) ou simplemente se limita a repetir o que se concluíu na aula.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave que se van desenvolver nesta unidade son as seguintes:

COMPETENCIA ARGUMENTATIVA

É unha competencia de comunicación lingüística pola súa natureza discursiva e deliberativa. Trátase de seren capaces de articular un discurso argumentativo contra o terrorismo. Aquí desenvólvese a produción escrita de textos na medida en que cada alumno acabará a unidade realizando unha disertación escrita sobre o tema da unidade. Tamén a competencia oral e a escoita activa do outro no debate.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

É clave nesta unidade. Fronte á indiferenza ou a simple indignación diante dos actos terroristas, debemos ensinalles que teñen que ser capaces de analizar e reaccionar ante o fenómeno como cidadáns críticos e responsables. Neste sentido, a aula debe transformarse nun lugar de debate capaz de expor solucións racionais. Esta competencia social e cívica debe permitir que o alumno sexa capaz de non se deixar manipular por populismos que poden utilizar a chamada *falacia ad populum* para propoñer solucións antidemocráticas ou discriminatorias como reacción á acción terrorista. Pero tamén debe desmontar as falacias a partir das cales os actos terroristas se poderían relativizar ou mesmo xustificar a violencia terrorista.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Saber analizar con rigor os conceptos que utilizamos (terrorismo, ética, moral, estado de dereito...). Saber diferenciar o que é unha proposición fáctica e unha valorativa. Entender que as primeiras son verdadeiras ou falsas e as segundas son válidas ou non. Diferenciar o que é un discurso informativo doutro argumentativo.


RECURSOS

Os alumnos deben dispor dun portafolios para ir recollendo o material entregado, os apuntamentos que irán tomando na aula, os exercicios e a disertación final, unha vez avaliada polo profesor.

Para o desenvolvemento da unidade didáctica só se necesita unha aula na que sexa posible unha distribución flexible das cadeiras e mesas segundo se escriba, se traballe por grupos ou se realice un debate.

Para traballar os textos entregaranse fotocopias.

RECURSOS ONLINE

**PÁXINA WEB DE DIDÁCTICA DA FILOSOFÍA**

<http://www.filosofia.org>

**BLOG DE VÍDEOS BREVES SOBRE FILÓSOFOS**

<https://historiafilosofia13.blogspot.com>

**PÁXINA WEB DE DIDÁCTICA DA FILOSOFÍA**

<https://www.webdianoia.com>

**FUNDACIÓN FERNANDO BUESA BLANCO. MATERIAIS PARA UNHA EDUCACIÓN EN VALORES**

<http://fundacionfernandobuesa.com/web/es>



AROVITE, ARCHIVO EN LIÑA SOBRE A VIOLENCIA TERRORISTA EN EUSKADI. SERIE DE PUBLICACIÓN DA ESCUELA DE PAZ (BAKEAZ)

<https://www.arovite.com/es/fondo-bakeaz/escuela-de-paz>



BLOG DE GAIZKA FERNÁNDEZ SOLDEVILLA SOBRE O TERRORISMO

<https://gaizkafernandez.com>



FUNDACIÓN MIGUEL ÁNGEL BLANCO. ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E WEB PARA O XX ANIVERSARIO DO SECUESTRO E ASASINATO DE MIGUEL ÁNGEL BLANCO

<https://www.fmiguelangelblanco.es>

REFERENCIAS

Alonso, M. (2004). *Los universales del odio. Creencias, emociones y violencia*. Bilbao, España: Bakeaz.

Apple, K.O. (2016). *Teoría de la verdad y ética del discurso*. Barcelona, España: Paidós.

Aramburu, F. (2016). *Patria*. Barcelona, España: Tusquets.

Appiah, A. (2013). *Cosmopolitismo. La ética en un mundo de extraños*. Bos Aires, Argentina: Katz.

Arendt, H. (2004). *Eichmann en Jerusalem*. Madrid, España: Alianza.

Arteta, A. (2010). *Mal consentido. La complicidad del espectador indiferente*. Madrid, España: Alianza, 2010.

Blum, H. (1982). *El interaccionismo simbólico*. Barcelona, España: Editorial Hora S.L.

Camus, A. (2012). *Los justos*. Madrid, España: Alianza editorial.

Cassirer, E. (1999). *Antropología filosófica*. México: FCE.

Díaz, E. (2010). *Estado de derecho y sociedad democrática*. Barcelona, España: Taurus.

Di Cesare, D. (2017). *Terrorismo. Una guerra civil global*. Barcelona, España: Gedisa.

Fernández, G. (2016). *La voluntad del gudari. Génesis y metástasis de la violencia de ETA*. Madrid, España: Tecnos.

Fromm, E. (2002). *El miedo a la libertad*. Madrid, España: Paidós.

Habermas, J. (1999). *Teoría de la acción comunicativa*. Barcelona, España: Taurus.

Hume, D. (2015). *Investigación sobre los principios de una teoría moral*. Madrid, España: Alianza.

Kant, I. (2015). *Metafísica de las costumbres*. Madrid, España: Tecnos.

Miranda, T. (1995). *El juego de la argumentación*. Madrid, España: Ed. de la Torre.

Moreno, I. (2019). *Gestos frente al miedo*. Madrid, España: Tecnos.

Moscovici, S. (1985). *Psicología social*. Barcelona, España: Paidós ibérica.

Sen, A. (2007). *Identidad y violencia. La ilusión del destino*. Bos Aires, Argentina: Katz.

Shklar, J. (2010). *Los rostros de la injusticia*. Barcelona, España: Herder.

Vega Renón, L. (2003). *Si de argumentar se trata*. Barcelona, España: Montesinos.

Zweig, S. (2012). *Castellio contra Calvino*. Madrid, España: Acantilado.

UNIDADE DIDÁCTICA PARA FILOSOFÍA
1º BACHARELATO

